

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 13 de xuño de 2013

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

M^a Carmen Palacios

Francisco Omil Prieto

Pablo García Tahoces

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Juan M. Garrido Fernández

José Varela Pet

Ausencias xustificadas:

Alberto Bugarín Diz

Puntos a tratar:

1. Aprobación da acta da última reunión.
2. Aprobación das modificacións do SGIC.
3. Planificación reunións de calidade do ano 2013.
4. Calendario para a aprobación do Plan Estratégico da ETSE 2013-2016.
5. Turno aberto.

1. Aprobación de acta.

Apróbase a actas da reunión de 22 de xaneiro de 2013.

2. Aprobación das modificacións do SGIC.

O anterior SGIC da ETSE foi aprobado en abril de 2010. Despois de 3 anos, debe procederse á súa revisión completa, o que correspondería ter feito en abril deste ano. Como xa no 2012 a USC comezou a desenvolver un novo SGIC marco, que finalmente foi aprobado o 31 de maio deste ano, decidiuse no centro agardar a esta aprobación antes de revisar o SGIC particular do centro. Unha vez establecido o SGIC marco, os centros unicamente deben aprobar as particularizacións que se fagan deste para adaptalo ás características do centro. A proposta que se trae a esta comisión é adoptar sen modificacións o que indica o SGIC marco. Se logo de implantado se detectase a necesidade de facer algunha particularización, faríase entón. O director destaca que o número de indicadores recollidos no SGIC marco é moito máis reducido ao que existía na versión anterior (case a metade). Ademais, todos os indicadores propostos serán subministrados pola USC. Un destes indicadores é proporcionado polo informe de empregabilidade da ACSUG, que recolle a taxa de emprego dos egresados nos tres anos seguintes á finalización dos estudos (o último informe, de 2012, recolle os resultados para a promoción 2008-09). O profesor Francisco Omil pregunta se estes datos de empregabilidade se

recollen tamén para os másteres, ou só para os graos. Farase a consulta á Vicerreitoría de Calidade.

Logo das aclaracións, apróbase o Manual Simplificado do SGIC da ETSE.

3. Planificación das reunións de calidade para o ano 2013.

O director informa de que na segunda quincena de xullo se realizará a auditoría da implantación do SGIC no centro. A aplicación para a xestión do SGIC xa está implementada, e nos próximos días se dará acceso á mesma a todos os coordinadores das titulacións impartidas na ETSE, cada un dos cales terá acceso á parte da aplicación a titulación correspondente. Unha das ferramentas da aplicación é a axenda de actividades programadas. Neste sentido, é importante que xa agora se introduza a planificación das reunións relacionadas coa calidade das titulacións que se fan usualmente a final de curso ou principio do seguinte para analizar o resultado das accións de mellora implantadas ou propoñer novas accións. O director solicita aos coordinadores das titulacións que propoñan (e introduzan na aplicación) unha programación das reunións previstas.

O director comenta que este curso se produciron algunhas anomalías no sentido de que con data 30 de novembro houbo que entregar á ACSUG os informes de seguimento das titulacións, nos que se propoñían accións de mellora. Sen embargo, nalgúns titulacións as reunións cos profesores para analizar os resultados do curso anterior e propoñer accións de mellora foron en decembro (debido a que se agardou a que chegaran todos os datos dos indicadores).

Para este ano, propónse un cambio na planificación, aínda con risco de que algúns datos non estean dispoñibles. Así, en setembro faríanse as reunións cos grupos de interese (alumnos/profesores) cos datos que nese momento se teñan, para facer a valoración do curso 2012-13. Plantéanse dúbidas sobre como facer as reunións cos alumnos (reunir aos delegados fronte a xuntar a un número grande de alumnos). Acórdase facer reunións por curso (de 2º a 4º, dado que os alumnos de 1º non poden proporcionar información sobre o curso anterior). No que atinxe aos másteres, xurde o problema cando o máster é dun ano de duración, dado que en setembro os alumnos que haxa serán novos. Para este ano propónse intentar citar aos alumnos do curso pasado. No futuro, procurará facerse a reunión antes de rematar o curso en lugar de facela en setembro.

A continuación das reunións cos grupos de interese, reuniranse as comisións das titulacións para analizar as accións de mellora: as que xa se fixeron, as que están en curso e as que aínda están pendentes. Na aplicación informática do SGIC poden xa consultarse as accións de mellora procedentes das memorias dos títulos e dos informes de seguimento, que foron introducidas pola Vicerreitoría de Calidade. **O director solicita aos coordinadores de cada titulación que consulten en canto teñan acceso á aplicación estas accións de mellora e verifiquen que foron introducidas correctamente.**

Para o día 3 de outubro prográmase unha reunión da Comisión de Calidade na que se revisarán as accións de mellora das titulacións e outros aspectos relacionados coa calidade como a mobilidade, as prácticas externas ou os traballos de fin de grao e máster. Con esta reunión darase por pechado o curso 2012-13.

A planificación para o curso 2013-14 establece unha primeira reunión en outubro das comisións de titulación para traballar nos informes de seguimento e o plan de accións de mellora para ese curso. Prégase aos coordinadores que introduzan na axenda da aplicación informática do SGIC unha data para estas reunións.

O Plan Anual de Mellora da ETSE recollerá os plans de mellora das titulacións, e coas accións que se engadan para o centro, será aprobado nunha reunión da Comisión de Calidade entre outubro e principios de novembro.

Opcionalmente, plantéase a posibilidade de que as Comisións de Titulación aproben en decembro as memorias de título. Cuestiónase a utilidade destas memorias tal e como se viñan elaborando, e propónse que se centren as memorias nos puntos realmente relevantes para a mellora da titulación.

Sen máis comentarios, apróbase esta planificación de reunións.

4. Calendario para a aprobación do Plan Estratéxico da ETSE 2013-2016.

A anterior programación plurianual da ETSE (2009-2012) xa rematou, e agora corresponde elaborar o Plan Estratéxico da ETSE 2013-2016. A proposta do director é presentar este plan estratéxico a mediados de xullo (o día 18) na Comisión de Calidade. A continuación procederase a elaborar a Programación Plurianual 2013-2016. Para iso, propónse revisar e analizar a última (2009-2012), e presentar a nova en outubro. Aínda que esta programación se aprobe en outubro e o ano 2013 estea xa practicamente rematado, o director indica que non é procedente estender a programación un ano mais (ata o 2017) para que coincida co mandato do actual equipo de dirección.

5. Turno aberto

O director lembra aos coordinadores das titulacións que é importante revisar a información que das mesmas se amosa na web do centro, dado que nestas datas os alumnos están a escoller en que se matricularán para o próximo curso. Ademais, indica que se van a poñer na entrada carteis informativos para cada titulación.

O profesor José Varela comenta que a Guía para Profesores está desfasada en moitos puntos. Estiveron el e a xestora actualizándoa, e propoñen que na mesma se inclúa o procedemento de acceso ao centro. O director consultará coa responsable de Seguridade da ETSE a forma de introducir esta información na guía. Propón aprobar formalmente a Guía para Profesores e a Guía para Alumnos na reunión da Comisión de Calidade do 18 de xullo.

O profesor Tomás F. Pena informa de que a comisión académica do máster de Computación de Altas Prestacións está a traballar nunha modificación do mesmo, debido a que o CESGA vai deixar de impartir docencia no máster por falta de persoal, o que supón cambios no PDA, e ademais propónse cambiar a distribución de créditos nunha materia. O prazo para os cambios remata na USC o 8 de xullo, pero na UdC o 1 de xullo, polo que o tempo é limitado. O director indica que o procedemento haberá que consultalo no SGIC marco da USC.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:30 h.